



Curso "Introdución á teleasistencia psicolóxica"

RELATORAS

Rebeca Pardo Cebrían, Marta de la Torre Martín, Sara Gracia Gómez, M^a del Pilar Millán Cerqueiro, Cecilia Barros Díaz, María Paz García-Vera e Silvia Berdullas Saunders.

ORGANIZA

Vogalía de Formación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

COORDINA

Cristina Suárez González e Carlos Montes Piñeiro (G-3367).

DURACIÓN

10 horas. (4 horas corresponderán a traballo persoal das persoas asistentes á formación).

DATA E HORARIO

29 de outubro; 5, 19 e 26 de novembro de 2020.
De 19:30 a 21:00 horas.

MODALIDADE

Online. Plataforma de teleformación Moodle do COPG (www.copgalicia.eu).

PRAZAS


100.

PREZOS

Gratuíto.

DIRIXIDO A:

- Psicólogos e Psicólogas colexiadas.
- Estudantes de 4º curso de Grao de Psicoloxía.
- Estudantes de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria, de Máster en Psicoxerontoloxía e de Máster en Psicoloxía.



Curso "Introdución á teleasistencia psicolóxica"

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas. Reservarase o 5% das prazas para o estudiantado de 4º Grao de Psicoloxía e de máster.

O curso terá un mínimo de asistentes, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións. **Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.**

Ao finalizar o curso entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía e de máster terán que presentar copia da matrícula.


Último día de inscrición: 21 de outubro de 2020.

METODOLOXÍA

A presente formación desenvolverase na modalidade online mediante un enfoque eminentemente aplicado. Estrutúrase en 4 módulos semanais que consistirán nunha videoconferencia de 90 minutos que se completará con 60 minutos adicionais de traballo individual de cada alumno/a a través da plataforma de teleformación Moodle do COPG (p. ex., revisión de guías, regulamentos, ou lecturas complementarias)."

OBXECTIVOS

- Adquirir coñecementos básicos para a práctica da teleasistencia psicolóxica.
- Familiarizarse co funcionamento e os recursos que ofrecen as plataformas web para o desenvolvemento da terapia online.
- Afondar nas consideracións éticas e legais da práctica profesional telemática.
- Potenciar o desenvolvemento profesional continuo.



Curso "Introdución á teleasistencia psicolóxica"

PROGRAMA

MÓDULO 1. INDICACIÓNS CLÍNICAS PARA A TELEASISTENCIA.

Xoves, 29 de outubro de 2020; 19:30h.

Relatoras: Rebeca Pardo Cebrián e Marta de la Torre Martín.

MÓDULO 2. RECURSOS PARA A TELEASISTENCIA: OBRADOIRO SOBRE PSYPOCKET.

Xoves, 5 de novembro de 2020; 19:30h.

Relatora: Sara Gracia Gómez.

MÓDULO 3. ASPECTOS ÉTICOS E LEGAIS DA ASISTENCIA PSICOLÓXICA A TRAVÉS DE MEDIOS TELEMÁTICOS.

Xoves, 19 de novembro de 2020; 19:30h.

Relatoras: M^a del Pilar Millán Cerqueiro e Cecilia Barros Díaz.

MÓDULO 4. EXPERIENCIAS DE TELEASISTENCIA: A PROPÓSITO DA COVID-19

Xoves, 26 de novembro de 2020; 19:30h.

Relatora: María Paz García-Vera e Silvia Berdullas Saunders.



Curso "Introdución á teleasistencia psicolóxica"

RELATORAS

REBECA PARDO CEBRIÁN

Profesora asociada na Universidade Autónoma de Madrid e profesora na UNIR. Directora do centro de psicoloxía ITEC. Máis de 10 anos de experiencia clínica, actividade que compaxina coa docencia e a investigación. Co-autora da "Guía de práctica clínica sobre intervención psicolóxica online" editada polo Colexio Oficial de la Psicología de Madrid.

MARTA DE LA TORRE MARTÍN

Psicóloga Xeral Sanitaria, experta en problemas de ansiedade e laborais. Especializada en intervención psicolóxica online. Profesora asociada no Grao de Psicoloxía da Universidade de Nebrija e Profesora colaboradora no Máster de Psicoloxía Xeral Sanitaria da Universidade Europea de Madrid. Directora de Psi Onlife, centro especializado en psicoloxía online. Co-autora da "Guía de práctica clínica sobre intervención psicolóxica online" editada polo Colexio Oficial de la Psicología de Madrid.

SARA GRACIA GÓMEZ

Socia fundadora de PsyPocket, plataforma para a prestación de terapia online. Socia fundadora do Grupo Enter Psicología (Madrid). Graduada pola Universidade Nacional a Distancia (UNED) en 2015. Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria pola Universidade Europea de Madrid (UEM) en 2017 e máster en terapias contextuais pola Universidade de Almería en 2019.

M^a DEL PILAR MILLÁN CERQUEIRO (G-1209)

Psicóloga Especialista en Psicoloxía Clínica no ámbito privado. Vogal da Comisión de Ética e Deontoloxía do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

CECILIA BARROS DÍAZ

Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Avogada especialista en protección de datos e ciberseguridade. Asesora Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

MARÍA PAZ GARCÍA - VERA

Catedrática de Psicoloxía Clínica da Universidade Complutense de Madrid (UCM), Directora da Cátedra Extraordinaria Universidade Complutense de Madrid-Unidad Militar de Emergencias "Comandante Sánchez Gey" en psicoloxía aplicada en emerxencias, desastres e catástrofes, e directorado Grupo Internacional sobre Terrorismo y Construcción de la Paz da International Association of Applied Psychology (IAAP). Coordinadora do Servizo Telefónico de Asistencia Psicolóxica da COVID-19 do Ministerio de Sanidade e do Consejo General de la Psicología de España.

SILVIA BERDULLAS SAUNDERS

Xerente do Consejo General de la Psicología de España. Foi xefa da redacción da revista Infocop do Consejo General de la Psicología durante máis de 15 anos. Conta con un máster en psicoloxía clínica e da saúde (UCM), máster en recursos humanos e xestión do coñecemento (UCM) e un MBA polo Instituto Empresa (IE Business School). Traballando para o Programa de Atención Psicolóxica con Víctimas de Tortura da Cruz Roja Española, foi docente, ademais, na Universidade Nacional a Distancia (UNED) e no Centro de Enseñanza Superior Cardenal Cisneros. Formou parte do comité organizador de diferentes contresos e foi directora executiva do European Congress on Psychology (2005), o EAWOP Congress (2009), o Congreso da FIAP (2010) e o CNP (2017, 2019 e 2021). Autora de numerosas publicacións de divulgación científica.



BOLETÍN DE INSCRICIÓN

Curso "Introdución á teleasistencia psicolóxica"

Para a túa inscrición envía este boletín ao enderezo de correo electrónico do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia **copgalicia@copgalicia.gal** antes do **21 de outubro de 2020**.

NOME E APELIDOS:

Nº DE COLEXIADO/A: **Nº DNI / NIE:**

ENDEREZO:

TELÉFONO: **E-MAIL:**

PROFESIÓN:

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos informámoslle que tratamos a información que vostede nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, con CIF Q1500265B, con domicilio en Rúa Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, provincia da Coruña, con número de teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercicio competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade. Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente conserváremos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, tamén poderá, por motivos relacionados coa súa situación particular opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido a copgalicia@copgalicia.gal ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informámoslle que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Díaz, con contacto no número de teléfono 981894601 e correo electrónico copgalicia@copgalicia.gal. Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro da entidade ou na páxina web www.copgalicia.gal